



3.6- Aprende coa Natureza(actividades de verán)

Descrición: Conxunto de actividades para os máis pequenos, como a realización de manualidades con materiais reciclados, xogos medioambientais, etc. É fundamental iniciar unha educación ambiental desde moi pequenos para fomentar a idea de que hai que conservar a natureza e mellorar o medio ambiente.

1ª SESIÓN: Faremos unha excursión a pé pola beira do río Miño para coñecer a zona, coas súas características: fauna e flora. O percorrido durará toda a mañá parándonos cada pouco para observar os distintos animais que nos podemos encontrar (pega, paporrubio, gaivota chorona,...) e a distinta vexetación (acacia moura, mimosa, castiñeiro, canas,...).

2ª SESIÓN: Faremos xoguetes con materiais reciclados facéndolle ver aos máis pequenos que a partir de obxectos que xa non utilizan no fogar como pode ser teas vellas, xornais, cartóns dos ovos, papeis de agasallos poden facer xoguetes moi orixinais e ao mesmo tempo están a reciclar. Tamén os concienciaremos da importancia que ten a reciclaxe nos fogares.

Obxectivos:

Adquirir valores sociais e un profundo interese polo medio ambiente, que lles impulse a participar activamente na protección e mellora da natureza.

Coñecer as actividades da natureza segundo o contido educativo (deportivo, afectivo, social, lúdico-recreativo, cultural, etc.) analizando cada unha delas en función dese contido.

Axudar o alumnado a coñecer todo o abano de posibilidades que o medio natural nos ofrece e que lle permite orientar o seu tempo libre de maneira creativa, lúdica e participativa.

Desenvolven dentro dun contexto de convivencia, o sentido de responsabilidade e respecto cara a natureza.

Dirixido a: Persoas de 6 a 13 anos.

Temporalización e duración: Nos meses de xullo e agosto pola mañá e pola tarde.

Achegas da concellería: Persoal de apoio e material de traballo

Colaboran: Concellería de Medio Ambiente, Parque de bombeiros, Consellería de Medio Ambiente, Federación de Pesca, Protectora de animais de Ourense.

Tramitación de solicitudes:

Teléfono: 988 388136/988510781/ **Fax:** 988 388159

Coordinador: Luis Herminio Amigo Estrada/ Stella Estrada

Correo: aulanatureza@ourense.es/ educa.programas4@ourense.es